



A UNIDADE DE FIBROSE QUÍSTICA DO ÁLVARO CUNQUEIRO ÚNICA DE GALICIA CON ACREDITACIÓN DE CALIDADE

- *Trátase da primeira e única Unidade de Galicia en recibir esta certificación nacional, con nivel de excelencia*
- *É unha Unidade mixta, de adultos e pediatría, que ten en seguimento a 55 pacientes*

Vigo, 28 de decembro de 2022. A Unidade mixta de fibrose quística -de adultos e pediatría- do Álvaro Cunqueiro ven de ser acreditada coa certificación de calidade e coa cualificación de excelente, pola *Sociedad Española de Fibrosis Quística*.



Trátase da primeira e única Unidade de Galicia en recibir esta certificación nacional. Para a responsable desta Unidade, a pneumóloga Cristina Ramos, a obtención desta acreditación "recoñece que prestamos unha atención coas maiores garantías e supón unha validación do nosos protocolos e do traballo en equipo e colaborativo realizado con outros servizos hospitalarios, e en coordinación coa Asociación Galega de pacientes de Fibroses quística".

Trátase dunha Unidade multidisciplinar, coordinada pola doutora Ramos e a pediatra M^a Jesús Rodríguez na que tamén participan especialistas en endocrinoloxía, dixestivo, rehabilitación, xunto con fisioterapeutas e traballadores sociais.



Neste momento a Unidade ten en seguimento a 55 pacientes (28 adultos e 23 menores).

Tratamentos innovadores

A fibrose Quística é unha enfermidade crónica e hereditaria que representa un grave problema de saúde. É unha enfermidade dexenerativa que afecta principalmente aos sistemas respiratorio e dixestivo.

Consiste nunha alteración xenética que impacta nas zonas do corpo que producen secrecións, dando lugar a un espesamento e diminución do contido de auga, sodio e cloro, orixinándose a obstrución das canles que transportan esas secrecións e producindo infeccións e inflamacións que destrúen partes do pulmón, fígado, páncreas e sistema reprodutor principalmente. É unha patoloxía grave de tipo evolutivo que condiciona a saúde e unha esperanza de vida limitada.

Estímase que a incidencia da Fibrose Quística no noso país é dun por cada 5.000 nados, aínda que a prevalenza da alteración xenética que produce a enfermidade é moi alta, xa que un de cada 35 habitantes do noso país son portadores dalgunha das case dous mil mutacións coñecidas que poden condicionar esta enfermidade.

Nos últimos anos avanzouse moito no coñecemento e tratamento da enfermidade; pero, a pesar diso, segue sendo unha patoloxía sen curación. Cando a enfermidade atópase nun estadio moi avanzado, existe a posibilidade do transplante pulmonar e/ou hepático.

Segundo explica a Dra. Ramos "hoxe en día existen terapias farmacolóxicas moi innovadoras, que requiren dun seguimento moi específico dos pacientes, polo que é moi importante que esa atención sexa prestada por unha Unidade acreditada".